

a auga na cultura galega

a auga que sae da terra

A auga da chuvia e a neve ao fundirse van enchoupando a terra pouco a pouco e formando milleiros de veas que circulan polo seu interior e que ao saír logo á superficie dan lugar a mananciais, illós e minas.

Os lugares onde abrolla a auga (illós, ínsuas, pozas, lameiros, fontes, mananciais...) foron sempre moi buscados por ser puntos de referencia para o asentamento das persoas e as súas actividades, e por eso foron sempre coidados e respectados. Para mellorar o seu rendemento e facilitar o seu aproveitamento realízanse obras nas que a pedra ten un protagonismo especial. Arredor das nacentes de auga xurdiron numerosas crenzas e tradicións, en especial aquelas que nunca secan ou que teñen augas con propiedades especiais. En moitas delas realizábanse rituais que a igrexa cristianizou construíndo na súa proximidade santuarios.



Surxencias de Fonmiñá, unha das nacentes do río Miño

A "Fonte Sacra" da Fonsagrada. Conta a lenda que unha noite chegou un peregrino moi canso ao que ninguén daba refuxio. Unha viúva moi pobre acolleuno na súa casa e deulle o único que tiña para comer, pan negro e nabos. Cando volveu de buscar unha xerra de auga da fonte atopou con que a auga se convertera en leite e na mesa tiña un bolo de pan e o peregrino desaparecera. Desde aquela a fonte chámase "Fonse Santa" e dalle nome á Fonsagrada.



REFRÁNS

-Auga corrente non mata á xente, auga parada, tenna matada.


CANTIGA

Maruxiña vai na fonte moito tarda que non ven, ou rompeu o cantaríño ou moitos amores ten.

CRENZAS

-Cando un forasteiro bebe auga, ou lava as mans en determinadas fontes (Verín, Ourense...) casa no lugar.
-Abondan as fontes chamadas das "mouras" ou dos "mouros" relacionadas con lendas de gardadoras de tesouros.
-Para que o pan levede ben hai que coller auga de sete fontes.
-Nas fontes habitan mouras, fadas e espíritos encantados e hai agochados tesouros, sobre todo nas que hai a carón dos castros e mámoas.

Para concentrar a auga que abrolla realízanse escavacións horizontais (minas) ou verticais (pozos). A obra complétase cunhas paredes que impiden a perda de auga, ao tempo que facilitan a súa recollida.



Mina en Laioso (Esgos)



Mina en Trandeiras

Os pozos antigos revestíanse interiormente de pedra e, en ocasións, contaban con chanzos ou escadas para poder baixar a eles e realizar traballos de limpeza e mantemento.

Os pozos de abastecemento das casas rodéanse, como protección, con peitorís de pedra cilíndricos ou prismáticos e nalgúns zonas van cubertos cun tellado posto sobre catro esteos ou cunha caseta pechada, cun pousadoiro para o caldeiro ou balde, ao pé da que pode haber tamén unha pía ou lavadoiro.



San Simón da Costa



Torre Sandiás



Chagozoso



Foro da Illa de Arousa



San Fins (Vimianzo)



A Mezquita

As fontes concentran a saída da auga nun punto (cano ou picho). As obras son moi variadas, desde as máis sinxelas, cunha parede e uns canos aos que se lle engaden, ás veces, pías ou depósitos para retela; ata as fontes monumentais dos mosteiros e cidades nas que o aspecto artístico e construtivo ten tanta ou máis importancia que o utilitario.



Entrimo



Perrelos



Guntín



Pazo de Fefiñáns



As Platerías Santiago de Compostela